

# GUÍA ORIENTATIVA DE XUSTIFICACIÓN 2016

FEDERACIÓNS DEPORTIVAS  
GALEGAS

## ÍNDICE

|   |           |
|---|-----------|
| <b>I. Información de carácter xeral .....</b>                       | <b>3</b>  |
| <b>II. Gastos subvencionables .....</b>                             | <b>5</b>  |
| 1. No programa “Gastos xerais de funcionamento”:                    | 6         |
| 2. No programa “Actividade deportiva e competitiva ordinaria”:      | 8         |
| 3. No programa de “Tecnificación e Rendemento”:                     | 9         |
| 4. No programa “Actividade deportiva en Idade Escolar”              | 11        |
| 5. No programa “Outros proxectos de especial relevancia”            | 12        |
| <b>III. Gastos non subvencionables.....</b>                         | <b>13</b> |
| <b>IV. Xustificación económica dos diferentes programas .....</b>   | <b>15</b> |
| <b>V. Xustificación do pagamento.....</b>                           | <b>18</b> |
| <b>VI. Normas específicas segundo o tipo de gastos .....</b>        | <b>19</b> |
| 1. Gastos de persoal .....  | 19        |
| 2. Servizos profesionais .....                                      | 21        |
| 3. Gastos de vehículos federativos e combustible .....              | 21        |
| 4. Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención .....          | 22        |
| 5. Pagamentos a clubs por colaboración na actividade federativa ... | 25        |

## I. INFORMACIÓN DE CARÁCTER XERAL

a) A xustificación da subvención rexerase polo establecido nas cláusulas sétima, oitava e novena do convenio vixente para cada Federación no ano 2016.

Unha vez asinado o convenio de colaboración entre a Secretaria Xeral para o Deporte e a Federación Deportiva Galega correspondente, procederase ao pagamento do primeiro anticipo polo importe establecido no devandito convenio.

b) A xustificación da subvención farase nos **prazos** establecidos no parágrafo 6.1.b) da cláusula 6º do convenio, é dicir:

-15 de maio de 2016, se o importe do primeiro anticipo é igual ou inferior ao 40% da contía total da subvención.

-30 de xuño de 2016, se o importe do primeiro anticipo é superior ao 40% da contía total da subvención.

-31 de decembro de 2016, no caso do segundo pagamento, en ámbolos dous supostos anteriores.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación deberá presentar ante a S.X. para o Deporte a xustificación do 1º e 2º pagamento nos prazos fixados anteriormente. Transcorridos estes prazos sen presentar a xustificación correspondente nesta S.X. para o Deporte, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de **dez días** a presente. A falta de presentación de xustificación neste prazo levará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia de acordo co previsto na cláusula décimo segunda do convenio.

c) Para a xustificación da subvención, a Federación deberá aportar, unha **relación clasificada** da totalidade dos gastos realizados, conforme á previsión recollida no Anexo I no que figuren os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes, a explicación do gasto detallado e datas de pagamento.

Esta relación acompañarase das facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas das mesmas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente **identificados, selados, e asinados polo beneficiario**.

Non obstante o anterior, en ambos casos e de conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores á 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitaxes, axudas de custo e quilometraxes.

No caso de facturas que superen o importe de 9.000€, deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con fecha anterior á contratación pola federación.

d) Na xustificación de cada un dos pagamentos, xunto á relación clasificada de gastos e os documentos acreditativos dos gastos e pagos, que se presentará en formato papel e por correo electrónico ao enderezo: [subdireccion-plans-programas.pr@xunta.es](mailto:subdireccion-plans-programas.pr@xunta.es), a Federación entregará a seguinte **documentación**:

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos, emitida polo Secretario da Federación co visto e prace do Presidente.
- Declaración doutras axudas (Anexo II)
- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade Social (Anexo III)
- Certificado de veracidade dos datos presentados (Anexo IV)
- Certificación de cumprimento das normas de bo goberno (Anexo V)
- Certificación Lei de Transparencia (Anexo VI)
- Memoria de actividades deportivas (parcial no primeiro pagamento e total no pagamento final).
- Memoria explicativa de cada un dos gastos presentados.

**Ademais** da documentación ata o de agora sinalada, para a xustificación do segundo e último anticipo deberá aportarse tamén:

- **Acreditación**, nun apartado específico da xustificación, do cumprimento da aplicación pública da **imaxe** corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega de documentos gráficos nos que conste a mesma.

## II. GASTOS SUBVENCIONABLES

Na xustificación dos gastos deberase ter en conta o regulado na ORDE do 28 xullo de 1995 pola que se desenvolve o Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas. Na sección 5, Xunta directiva, no artigo 21 expón: *“Tódolos cargos son honoríficos e, en caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor dalgún dos membros da xunta directiva, ten que ser expresamente acordada por maioría absoluta da asemblea xeral e constar de maneira diferenciada no*

*orçamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a federación”.*

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. No ámbito do presente convenio, terán a consideración de gastos subvencionables entre outros os que de seguido se relacionan, entendendo que é unicamente enunciativa e non limitativa:

#### **1. No programa “Gastos xerais de funcionamento”:**

a) As **remuneracións** de traballadores federativos, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.

Estas remuneracións deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis laborais.

Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo secretario co visto bo do presidente, a igualdade salarial entre homes e mulleres.

b) Gastos de **servizos profesionais independentes**, entre outros: servizos de limpeza/mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestoría laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable ou similar.

c) Gastos de **aloxamento, manutención e gastos de viaxe** do persoal directivo pola asistencia a asembleas, reunións e comités técnicos ou similares sendo de aplicación, por analoxía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de

xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:

- Manutención completa: 37,40 €
- Media manutención: 18,70 €
- Aloxamento: 65,97 €
- Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km
- 

Para xustificar os gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as factura xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

Cando se presenten facturas que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

Non poderán incluírse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede federativa.

d) **Gastos da sede federativa:** alugamentos (se procede), pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.

e) **Reparacións e conservación:** reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, Fax).

f) Os gastos derivados da utilización dos **vehículos** e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros etc) que se imputen ao programa de gastos xerais.

g) **Comunicacións:** páxina web, teléfono, internet, Fax, mensaxería.

h) Gastos **bancarios:** Gastos póliza créditos ponte.

i) **Seguros** da sede e responsabilidade civil

## 2. No programa “Actividade deportiva e competitiva ordinaria”:

a) **Material deportivo** para competicións e material para reparacións e mantemento de dito material (non inventariable).

b) Gastos derivados das **instalacións** específicas para o uso da súa actividade deportiva (aluguer de pavillóns, aluguer de piscinas, aluguer de pistas deportivas, refuxios de montaña...etc).

c) **Pagos a entidades deportivas** derivados da delegación parcial ou total da organización dunha determinada actividade deportiva, de acordo co establecido no punto tres (3) da cláusula sétima (7ª) do convenio.

d) **Equipamento** de seleccións (roupa, equipaxes).

e) Gastos de **canons** federativos e inscrición a competicións.

f) Gastos en **licenzas extraordinarias**.

g) Gastos en **desprazamentos**:

- Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e representantes federativos, pola súa participación ou asistencia a eventos deportivos. A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.

- Os límites máximos establecidos serán por analogía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:

Manutención completa: 37,40 €



Media manutención: 18,70 €

Aloxamento: 65,97 €

Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km

Cando se presenten facturas ou axudas de custo que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

h) Gastos de **organización** ou colaboración en competicións tales como arbitrxes, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas e calquera outro material necesario para o seu desenvolvemento.

i) Os gastos derivados da utilización dos **vehículos** federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros, etc) que se imputen ao programa de actividade ordinaria, que se xustificarán de acordo co establecido nos apartados 7 e 8 da cláusula 7ª.

j) Gastos derivados da contratación de **seguros exclusivos** para unha actividade deportiva sempre que non sexan abonados polos participantes.

k) Gastos derivados da **prestación de servizos** de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos relacionados coa actividade deportiva ordinaria.

### 3. No programa de “Tecnificación e Rendemento”:

Os gastos xustificados farán referencia ao grupo de deportistas vinculados a estes programas, comprendéndose os seguintes gastos:

a) As **remuneracións** do persoal técnico, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o director técnico, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc.). Estas remuneracións deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis laborais.

Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo secretario co visto bo do presidente, a igualdade salarial entre homes e mulleres.

b) Gastos de **aloxamento e manutención** dos deportistas incluídos no programa: alugamento, mantemento, consumos auga, electricidade, gas e alimentación. Na memoria xustificativa de gastos deberán relacionar que deportistas da federación están vinculados a este programa.

c) Gastos en **desprazamentos**:

- Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas e adestradores incluídos no programa de Tecnificación derivados da asistencia a concentracións, adestramentos e competicións. A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.
- Os límites máximos establecidos serán por analoxía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:

Manutención completa: 37,40 €

Media manutención: 18,70 €

Aloxamento: 65,97 €

Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km

- Cando se presenten facturas ou axudas de custo que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

d) **Material deportivo** (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.

e) Os gastos derivados da utilización dos **vehículos** e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros etc) que se imputen ao programa de Tecnificación e rendemento, xustificados de acordo co establecido nos apartados 7.7 e 7.8 da cláusula 7ª.

f) Gastos derivados da **prestación de servizos** de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos relacionados coa actividade de tecnificación e rendemento.

As facturas imputables a este programa deben reflectir que están destinadas ao programa de “Tecnificación e Rendemento”.

#### **4. No programa “Actividade deportiva en Idade Escolar”**

Gastos derivados da organización da actividade deportiva federada do Programa XOGADE. Entre estes gastos atópanse:

a) Gastos en **desprazamentos**:

- Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de técnicos, delegados, árbitros e representantes federativos, pola súa participación ou asistencia a eventos deportivos do programa “Actividade deportiva en Idade Escolar”. A xustificación farase coas correspondentes facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a

factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.

- Os límites máximos establecidos serán por analoxía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:

Manutención completa: 37,40 €

Media manutención: 18,70 €

Aloxamento: 65,97 €

Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km

Cando se presenten facturas ou axudas de custo que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

b) Gastos de **organización** ou colaboración en competicións tales como arbitrxes, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas e calquera outro material necesario para o seu desenvolvemento.

As facturas imputables a este programa deben reflectir que están destinadas ao programa de “Actividade Deportiva en Idade Escolar”.

## **5. No programa “Outros proxectos de especial relevancia”**

Gastos derivados da organización e execución do proxecto. Os importes asignados aos proxectos deste programa terán carácter finalista.

No caso dos proxectos de especial relevancia destinados a deportistas con características e necesidades especiais enfocados á promoción de talentos (en modalidades olímpicas e non olímpicas) poderán xustificarse dentro deste apartado:

a) Gastos de **aloxamento, desprazamento e manutención** dos deportistas incluídos no proxecto por asistencia a concentracións, adestramentos e competicións nos termos establecidos nos anteriores programas.

b) **Material** deportivo e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no proxecto.

As facturas imputables a este programa deben reflectir o proxecto concreto ao que están destinadas.

De acordo coa obriga recollida no convenio asinado:

*“Comunicar á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera evento de carácter nacional ou internacional, así como, **con alomenos dúas semanas de antelación, as datas e sedes de celebración dos Campionatos Galegos e outros eventos de relevancia incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á presentación dos mesmos, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte nestes eventos, consonte a súa condición de órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito deportivo**”.*

Para a xustificación dos eventos recollidos como proxectos de especial relevancia, as facturas deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Cartel publicitario do evento.
- Imaxe do acto de presentación do evento así como a invitación enviada á Secretaría Xeral para o deporte (coa data de envío)
- Imaxe/s do evento onde se poida apreciar a presenza da imaxe institucional.

### **III. GASTOS NON SUBVENCIONABLES**

Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do presente convenio, non son gastos subvencionables os previstos na cláusula 9 do convenio:

a) Os intereses debedores das contas bancarias.

- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos persoais sobre a renda.

Ademais dos indicados anteriormente, quedan excluídos da posibilidade de subvención con fondos procedentes da Secretaría Xeral para o Deporte, salvo motivación escrita da Federación autorizada pola Secretaría, os seguintes gastos:

- a) Material de publicidade e propaganda.
- b) Premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- c) Axudas económicas a deportistas. Poderanse exceptuar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas bolsas deberán ser de igual contía e natureza para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- d) Axudas económicas a entidades. Poderanse exceptuar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.
- e) Gastos de relacións públicas.
- f) Publicacións propias (anuario, revistas, etc.).
- g) Compra de bens destinados á venda.
- h) Outros gastos sociais.
- i) Atencións persoais.
- j) Gastos en galas ou celebracións.

- k) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- l) En relación ás axudas de custo, en ningún caso se poderán orzar gastos contra esta subconta, cando xa se tiveran cuberto os gastos de aloxamento e alimentación.
- m) Axudas ou compensacións a todas aquelas persoas sancionadas en firme en materia de dopaxe.
- n) Os billetes emitidos e non utilizados.
- o) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, mini bar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da Federación.
- p) Imposto sobre sociedades.
- q) Diñeiro en metálico a conta.

#### **IV. XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DOS DIFERENTES PROGRAMAS**

O convenio fixa un importe económico para cada un dos seguintes programas:

1. Gastos Xerais de Funcionamento
2. Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria
3. Tecnificación
4. Actividade Deportiva en Idade escolar.
5. Outros proxectos de especial relevancia

Cada un destes programas debe xustificarse individualmente pola totalidade da cantidade asignada ao mesmo no convenio. Non se pode utilizar a cantidade sobrante nun dos programas do convenio para xustificar a insuficiente de outro, aínda que entre todos os programas sumen o importe total do convenio.

Con carácter xeral deben ter en conta o establecido nos seguintes apartados:

- a) Para cubrir os datos dos perceptores utilizarase o arquivo de **folia de cálculo** que está dispoñible na páxina web, co nome XUSTIFICACIÓN 2016. Esta xustificación deberá adiantarse por correo electrónico á unidade administrativa encargada da comprobación da subvención, no enderezo: [subdireccion-plans-programas.pr@xunta.es](mailto:subdireccion-plans-programas.pr@xunta.es)
- b) Deben presentar as facturas dos gastos e os documentos xustificativos de que os pagos están realizados. Tanto as facturas coma os pagos estarán datados no ano 2016. As facturas poderán ser orixinais ou fotocopias compulsadas, ben por un notario ou funcionario da Xunta de Galicia. As Federacións poden acudir aos Servizos Provinciais da Secretaría Xeral para o Deporte para poder compulsar cada factura que vaia a ser presentada na xustificación correspondente ao convenio (non para xustificacións doutros organismos). Aconséllase que antes verifiquen que todas as facturas presentadas reúnen todos os requisitos indicados nesta guía.
- c) As facturas deben corresponder con gastos efectuados durante o exercicio e pagadas dentro do prazo da xustificación da subvención. En concreto deben reunir os seguintes requisitos:
  - I. Número de factura e, no seu caso, serie.
  - II. Data de expedición.
  - III. Datos identificativos da empresa ou expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
  - IV. Datos identificativos do destinatario, que deberá ser a Federación subvencionada, ou do perceptor.



V. Descripción detallada do servizo prestado e prezo unitario da operación e o seu importe total.

VI. Deberá reflectirse o IVE correctamente aplicado. Cando a cota se repercute dentro do prezo, deberá indicarse “IVE incluído” así como a aplicación de calquera desconto ou rebaixa. En caso de estar exento de IVE deberase indicar expresamente na factura este extremo e o artigo da Lei aplicable.

VII. Cantidade retida polo IRPF, ou se é o caso, a descripción do motivo da exención se o houbera.

d) Poderá emitirse factura simplificada (antigo ticket) nas operacións recoñecidas legalmente, entre outras:

- Transporte de persoas e os seus equipaxes.
- Servizos de hostalería e restauración prestados por restaurantes bares e similares, así como o subministro de comidas e bebidas para consumir no acto.
- Utilización de instalacións deportivas.
- Aparcadoiro de vehículos.
- Tinturerías e lavanderías.
- Autopistas de peaxe.

e) Tanto a relación de perceptores como as facturas deberán vir numeradas, gardando a mesma orde en ambas. A relación iniciada na primeira xustificación seguirá unha numeración correlativa (continuada) na xustificación do pagamento final.

f) Non serán xustificables os gastos de licenzas, cotas de inscrición, seguros, etc, que sexan repercutidos aos afiliados.

g) As recargas e sancións administrativas non constitúen gastos subvencionables.

h) Non son xustificables os gastos de adquisicións de bens ou equipos inventariables (mobles, ordenadores, impresoras, máquinas, etc.).

## V. XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO

a) Segundo se establece no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia: “considerase **efectivamente pagado** o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.”

b) Con carácter xeral, para xustificar o pagamento é necesario presentar o correspondente xustificante de transferencia bancaria onde figure o perceptor e a cantidade, ou no seu defecto extracto ou movemento bancario. En todos os casos precísase que se identifique correctamente a entidade bancaria, debendo figurar así mesmo o selo da federación e sinatura do presidente, secretario ou tesoureiro da mesma, e marcar con sulñador a liña específica a que corresponde cada movemento.

c) Gastos aboados mediante **tarxeta de crédito**:

A Federación debe presentar unha certificación onde consten todas as tarxetas que figuran a conta da mesma, indicando quen é o titular da tarxeta e a súa numeración.

Se a tarxeta é federativa, xustificaranse achegando a factura ou resguardo e o extracto bancario no que figure a cantidade cargada.

Se a tarxeta corresponde a unha persoa física, este gasto debe ir autorizado polo presidente ou secretario da correspondente federación. Para a súa xustificación, deberase achegar factura ou ticket e extracto bancario no que figure a cantidade cargada. Ademais, a federación deberá xustificar o pagamento ao titular da tarxeta .

d) Pagos con cheque bancario

Para a xustificación, hai que xuntar copia do mesmo xunto co correspondente extracto bancario onde figure o cargo. O cobro do mesmo por parte do prestatario do servizo á federación terá que producirse no exercicio do convenio subvencionado.

## **VI. NORMAS ESPECIFICAS SEGUNDO O TIPO DE GASTOS**

### **1. Gastos de persoal**

A xustificación da subvención mediante gastos federativos consistentes en custes laborais, queda suxeita ás seguintes regras:

a) A xustificación da subvención mediante gastos federativos consistentes en custes laborais, queda suxeita ás seguintes regras:

- Entenderase exclusivamente por custes laborais os consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores da Federación e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), así como as cotizacións sociais correspondentes á Federación.

- Os custes laborais unicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:

- No ámbito do programa “Gastos xerais de funcionamento”: os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
- No ámbito do programa “Tecnificación”: os custes laborais correspondentes a técnicos, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo dos deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).

- b) A xustificación realizarase mediante liquidación practicada en nómina polo líquido percibido. Non obstante, se no momento da xustificación a Federación pagase os impostos correspondentes (IRPF) e liquidado os seguros sociais, poderá xustificar polo salario bruto. Débese xustificar separadamente dunha banda o importe líquido das nóminas, coincidente co importe do pago bancario, e doutra os pagos do IRPF e o da SS.
- c) En relación aos pagamentos á Tesourería da Seguridade Social, xustificaranse coa presentación dos correspondentes RLC (Recibo de liquidación de cotizacións) e RNT (Relación nominal de traballadores) xunto os seus xustificantes bancarios de pagamento. O IRPF, debe xustificarse coa presentación do modelo que corresponda (111, 115 e 216) da Axencia Estatal de Administración Tributaria con selo ou validación da entidade bancaria ou no seu defecto, copia de cargo en conta do pago ou o documento da súa presentación electrónica na que figure o código electrónico, a data e o número de referencia do ingreso na entidade bancaria. En ambos casos debe xuntarse relación na que se faga constar a distribución por persoas das cantidades ingresadas.
- d) Non se poderá xustificar as cotas de Seguridade Social e o IRPF que non estean efectivamente pagadas a 31 de decembro de 2016.
- e) A xustificación dos custes laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do secretario da Federación, co visto e praxe do Presidente, na que se estableza que os traballadores cuxos custes laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido no convenio 2016 e o convenio colectivo que lles é de aplicación aos traballadores.
- f) Queda excluída a posibilidade de xustificar indemnizacións por despedimento, xa sexan pactadas ou por sentenza xudicial.

## **2. Servizos profesionais**

Recolle os servizos prestados por profesionais independentes utilizando medios propios.

A xustificación realizarase por cada servizo individualmente prestado mediante a correspondente minuta ou factura que deberá reunir os requisitos legalmente establecidos e incluír a porcentaxe de retención por IRPF e a porcentaxe de IVE que correspondan.

Debe terse en conta sempre o establecido no artigo 31.1. da Lei Xeral de Subvencións, e particularmente nos contratos de prestación de servizos, de que os gastos han de ser estritamente necesarios para a realización da actividade subvencionada e que o seu custo non poderá superar o valor de mercado.

## **3. Gastos de vehículos federativos e combustible**

a) No caso de que se imputen gastos de vehículos federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros, etc) a federación deberá aportar con cada xustificación unha certificación asinada polo secretario co visto e prace do presidente onde se relacionen todos os vehículos federativos, detallando a que programa/s de este convenio se imputarán os seus gastos. Se estes gastos son imputados a máis dun programa, debe indicar que porcentaxe de imputación corresponde a cada un dos programas.

b) No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do vehículo federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas.

c) No caso de facer os pagamentos con tarxetas bancarias federativas vinculadas a unha persoa concreta, a xustificación debe vir acompañada dunha certificación asinada polo secretario co visto e prace do presidente onde se relacionen as tarxetas de crédito vinculadas a contas da federación e os seus usuarios. Ademais, para cada desprazamento pagado deste xeito, deberá

achegar unha certificación onde se especifique claramente cal é o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos.

d) Se os pagamentos das facturas xustificativas da subvención se realizan cunha tarxeta bancaria persoal, deberá achegar unha certificación da federación onde se especifique claramente no caso de desprazamentos o lugar de destino, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos, así como a transferencia bancaria da federación á persoa titular da tarxeta. Se se trata de calquera outro gasto, deberá presentar unha autorización da federación para facer ese gasto e utilizar esa forma de pagamento.

#### **4. Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención**

Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de deportistas, técnicos, xuíces e árbitros e resto do persoal da federación, así como dos órganos de goberno, sempre que se actúe por conta e baixo relación de dependencia da mesma no desenvolvemento das actuacións subvencionadas. Os desprazamentos dos profesionais independentes que prestan os seus servizos á Federación deberán ser por conta destes.

A xustificación farase cos documentos orixinais ou fotocopias compulsadas (factura, facturas simplificadas e billetes de transporte) e incluírá en todo caso o lugar onde se viaxa, o intervalo de datas nas que se produciu a viaxe, e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e documentos acreditativos do pagamento da mesma. Cando se autorice expresamente a súa utilización serán indemnizados os gastos de

desprazamento en taxi ata ou desde a estación de FF.CC., autobús ou aeroporto achegando os “tickets” correspondentes. Así mesmo serán compensables os gastos de peaxe derivados da utilización do vehículo particular. So serán compensables os gastos de aparcadoiro do vehículo particular durante o período no que se leva a cabo a actuación.

Podemos atoparnos con varios casos:

- Se o desprazamento é de grupo e a facturación tamén, presentarase a factura e a xustificación de pagamento, xunto cunha certificación do Secretario da Federación indicando a que evento pertence, lugar e datas de celebración relación de asistentes e xefe ou responsable da expedición. Inclúense neste apartado todos os gastos de viaxe, manutención, aloxamento, etc. que aparezan recollidos no orzamento da federación presentado á Secretaría Xeral para o Deporte e derivados das actividades de carácter deportivo realizadas pola federación, tales como competicións, concentracións, cursos, etc., que se efectúen de forma colectiva.
- Se se factura individualmente pero son viaxes de grupo presentarase as facturas e os xustificantes de pagamento de todos os compoñentes da expedición, xunto cunha certificación do Secretario da Federación indicando a que evento pertence, lugar e datas de celebración e relación de asistentes, formalizando unha única documentación acreditativa para todos.
- Se o desprazamento é individual e as facturas están a nome de deportistas, técnicos ou outro persoal, presentaranse a factura e o seu xustificante de pagamento así como o xustificante de pagamento da federación xunto cunha certificación do Secretario da Federación indicando a que evento pertence e lugar e datas de celebración.

As Federacións deportivas galegas deberán axustarse ao establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia., atendendo aos límites máximos de dietas por aloxamento e manutención e as compensacións por quilometraxe que se determinen.

- Gastos de viaxe: Se se viaxa en vehículo privado 0,19 euros por quilómetro percorrido, ademais dos gastos da peaxe e aparcamento que se xustifiquen (achegando o “ticket”). A súa xustificación realizarase cumprimentando todos os datos correspondentes ao modelo de xustificación de axudas de custo que se inclúe nesta guía, ou impreso similar.
- Gastos de aloxamento: O tope máximo que se poderá xustificar será o equivalente ao establecido nas normas da Administración autonómica para o grupo II: 65,97 € como tope máximo. Xustificarase con factura do establecemento hostaleiro. Aboarase cando a distancia ao domicilio impida pernoctar no mesmo. En caso contrario non se aboará.
- Gastos de manutención: 37,40 € como tope máximo para xornada completa e 18,70 € para media manutención. Non se precisa xustificar mediante factura do establecemento de hostalería a manutención.
- No caso de que os gastos de manutención estean incluídos na factura do hotel, deberá informarse na mesma do réxime de aloxamento e manutención contratado.
- Estas cantidades están exentas de gravame do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas de acordo co Real Decreto 439/2007. Cando se excedan estas cantidades están suxeitos á retención que deberá figurar no documento xustificativo.



## **5. Pagamentos a clubs por colaboración na actividade federativa**

Se a Federación delega nun club deportivo toda a organización dunha actividade deportiva ou competitiva deberá asinar un convenio de colaboración con este club. Para a xustificación económica deste importe a federación deberá presentar o convenio asinado co club, xustificante bancario do pagamento do importe do convenio ao club, e as facturas orixinais ou compulsadas así como os xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada ou ben factura oficial emitida polo club detallando todas as actividades realizadas e o custe de cada unha delas.